



## **MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE CHANTADA PARA A ADOPCIÓN DE MEDIDAS FISCAIS E ECONÓMICAS DE AXUDA CONTRA A CRISE DERIVADA DA COVID-19**

De acordo e ó abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro (BOE do 22 de decembro), o Grupo Municipal Socialista do Concello de Chantada desexa someter á consideración do Pleno Municipal a seguinte **MOCIÓN**.

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O 11 de marzo de 2020 a Organización Mundial da Saúde declarou pandemia internacional a situación de emerxencia ocasionada polo brote epidémico de COVID-19. O Goberno, na reunión extraordinaria do Consello de Ministros do 14 de marzo de 2020, aprobou o Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, que aínda se mantén vixente.

Consonte ó disposto polo anterior Real Decreto, o Alcalde expediu o Decreto 2020-137 polo cal se suspenden as sesións dos órganos Colexiados municipais, agás a Comisión de Seguimento do COVID-19. Neste período excepcional no cal o Alcalde puido obrar sen necesidade de convocar o Pleno, fomos eso si convidados a participar da Comisión de Actuación e Seguimento da Evolución do COVID-19, nas reunións celebradas o 24 de marzo e o 24 de abril, aparte de manter contacto fluído e intercambio de información.

Tanto nas reunións formais coma nas informais tratáronse fundamentalmente dous asuntos, que tiñan a súa orixe nas dúas vertentes que a crise da COVID-19 estaba afectando en maior medida: os aspectos de saúde pública e os económicos. Neste último aspecto, a pandemia da COVID-19 ten provocado unha alteración da situación económica global que xa fai sentir os seus efectos.

Na reunión da Comisión de Actuación e Seguimento do COVID-19 celebrada o 24 de marzo xa se realizaron suxerencias por parte do Grupo Municipal Socialista, consistentes na petición de anular o cobro de taxas municipais ós locais comerciais afectados polos peches (nomeadamente a do lixo e auga), idéntica medida respecto das taxas dos servizos municipais que non se estaban prestando (coma por exemplo as Escolas Deportivas ou a Piscina) e finalmente que se consultara co servizo de Intervención o aprazamento o cobro dos Impostos Municipais durante a vixencia do estado de alarma.

Esta última suxerencia foi reiterada na sesión da Comisión que tivo lugar o 24 de abril, ó ter coñecemento que algúns concellos da contorna tamén coa recadación delegada na Deputación de Lugo puideron aprazar o cobramento dos Impostos sen ningunha afectación ó cobro dos ingresos a conta por este concepto.

Posteriormente, ante a falta de convocatoria de máis reunións da Comisión de Actuación e Seguimento, o Grupo Municipal Socialista rexistrou o 14 de maio unha batería de medidas que se propoñían ó Goberno local, no que se incluían algunhas de carácter

económico. As propostas presentadas tanto *in voce* nas reunións como por escrito non obtiveron resposta algunha por parte do Goberno local nin tampouco se ten adoptado medida algunha de estímulo económico. Concellos de moi diversa índole foron tomando razón da situación que estaban a vivir os seus veciños e veciñas e decidiron crear plans de investimento, de axuda e de alivio. Ademáis disto o Goberno de España xa na no mes de marzo mediante os Reais Decretos-lei 8/2020 e 10/2020 permitiu ás entidades locais destinar parte do seu remanente de tesouraría a gasto social.

A situación financeira e orzamentaria do Concello permite realizar este tipo de plans. Pola información provisional proporcionada polo Alcalde na reunión da Comisión de Actuación e Seguemento do día 24, o Concello de Chantada dispón dunha cantidade de arredor dos 2.100.000 € de remanente de tesouraría do exercicio económico do 2019. E ademáis diso cando estamos a piques de chegar á metade do exercicio aínda non dispoñemos nin sequera dun borrador dos Orzamentos Municipais para este 2020, polo que non é preciso modificar orzamento vixente, senón incluílo neste documento central da xestión municipal que é imperativo presentar segundo a Lei.

Os traballadores, autónomos, empresarios e toda a veciñanza en xeral están agardando polas medidas que lles alivien a súa situación tan inxusta como inesperada e a determinación do Concello na defensa do interese xeral do municipio.

Por todo o anteriormente exposto, propónse ó Pleno Municipal a adopción dos seguintes:

#### ACORDOS

- 1) Aprobar o aprazamento de cobro dos impostos municipais que tiveran que realizarse durante a vixencia do estado de alarma e dous meses máis dende o seu levantamento.
- 2) Aprobar un plan de axuda contra a crise e de reactivación económica, cunha dotación orzamentaria suficiente dentro do proxecto de orzamentos para o exercicio 2020 que ten que presentarse.

Chantada, 25 de maio de 2020,



Asdo. Raquel López Rodríguez  
Voceira do Grupo Municipal Socialista  
Concello de Chantada